

## OS AMORES DE MARIE ANNE PAULZE. Parte II: Os Amores Interesados

Ana M. González Noya

Xoana Pintos Barral

Manolo R. Bermejo

*Dpto. de Química Inorgánica  
Universidade de Santiago de Compostela*

### 1. Introducción

A vida pode ser considerada coma o encadeamento de amores e desamores de modo que poderíamos chegar a medir a felicidade humana comparando nunha balanza ambos sentimentos.

Para comprender mellor a vida e a obra de Marie Anne Paulze Lavoisier cómpre estudar e entender a súa traxectoria vital. Nunha comunicación anterior, no congreso de Allariz, centrámonos en analizar un cúmulo dos moitos amores desinteresados que tivo Marie Anne ao longo da súa vida, deixando de lado a súa vida como pintora/deseñadora, científica e como *salonniere* que xa fora considerada noutras comunicacións presentadas en diversos congresos de ENCIGA. Contabamos nesa comunicación como se xeraron os seus amores familiares e como, estes, desencadearon o seu amor cara a cultura no seu máis amplo espectro. Este amor pola cultura e pola vida púxo a en contacto coa Ciencia e con quen será o seu home e grande amor: Antoine Lavoisier. Mais tamén cos seus grandes desamores: o conde de Amerval, os episodios da época do terror na Revolución Francesa e a relación con Benjamin Thompson.

No caso de Marie Anne o seu paso á historia da Ciencia e da cultura prodúcese polo seu encontro con Antoine Laurent Lavoisier: o seu gran *Pigmalión*. Marie Anne non foi só unha testemuña ou tan só unha acompañante ou nin sequera unha boa asistente do seu *guía* nos distintos campos nos que, este, se desenvolveu e trunfou; foi todo iso e moito máis: sabia; elegante; harmoniosa, senón ben parecida; artista; economicamente rica, nun mundo de pobres; libre, tanto no seu pensamento coma nas súas accións e opinións; libre nos seus amores; libre nas súas relacións co poder político; etc. Marie Anne foi un exemplo ben claro do que era unha **muller ilustrada** vivindo no século das luces, poderíamos dicir que foi unha muller moderna no máis amplo sentido do termo.

Nesta comunicación queremos dar a coñecer os desamores de Marie Anne e, tamén, reflexionar sobre o que eles representaron para mellor comprender como axudaron a forxar o seu carácter e engrandecer a súa vida, así veremos: como o conde Amerval intentou aproveitarse dunha nena, pero como o carácter desta nena

impediu o seu acoso e a pretendida voda; analizaremos o seu comportamento diante da Revolución Francesa na época do Terror, poñéndose ao fronte do chamado “*Grito das Familias*”; presentaremos o desencanto producido polo seu matrimonio con Benjamin Thompson, en canto se decatou que o que quería eran os seus cartos e a súa posición social.

Coa a nosa intención de **Instruír**, **Educar** e **Divertir**, presentamos hoxe esta comunicación que non só amosará os amores interesados de Marie Anne senón que pretendemos encadralos no contexto da Ilustración nesa época do século XVIII, xusto no momento en que está a nacer a química moderna.

## 2. Os Amores Interesados

O amor integral, non se pode comprender sen analizar os amores diversos que afectan aos seres vivos ao longo das súas vidas; dun modo particular aqueles que podemos considerar desinteresados –aqueles que se acadan sen telos solicitado- porque son os máis gratos e prazenteiros; por sorte son os que máis abundan na vida, os que sempre lembramos e aos que damos máis aprecio.

Xunto a estes amores gratos están os amores ingratos, os que máis nos preocupan na vida por ser os que máis nos desaquezan: os chamados amores interesados. Estes son todo o contrario dos anteriores -os da felicidade-, pero xuntos complementan o verdadeiro querer global dos seres vivos. Os amores interesados piden, pero non dan; inqueda pero nunca pacifican; son absorbentes pero non son liberadores; son excluíntes pero non integradores; etc. En definitiva, prexudican, preocupan, atormentan, pero no seu conxunto forman parte do sumatorio chamado “*Amores*”.

Entre os amores interesados que forxaron o carácter e determinaron o futuro de Marie Anne imos seleccionar tres moi determinantes:

- O primeiro aféctalle na nenez e vai ligado á aparición de Lavoisier na súa vida e, por mor desa situación, á súa máxima felicidade, ten que ver co conde de Amerval.

- O segundo dos desamores acontecerá na época do Terror, en plena Revolución Francesa e terá que ver coa detención e morte de Antoine e os seus familiares e, tamén, co denominado “*Grito das Familias*”.

- O terceiro feito a considerar aparecerá na súa madurez, cando conte máis de corenta anos e coñeza ao conde Rumford; hase transformar no seu máis sonoro e rotundo fracaso”.

## 2.1. O comportamento do conde de Amerval

O primeiro caso de amor interesado aconteceu cando Marie Anne tiña tan só doce anos. Neste primeiro desamor de mocidade ten moito que ver o abate Terray, o tío da nai de Marie Anne. A historia deste interesado amor ten a súa orixe o 22 de decembro do ano 1769 cando o contador xeneral das finanzas de Francia dimite e o rei Luis XV encoméndalle ese posto ao abate Terray: Marie tiña 12 anos, aínda residía no convento de Montbrison, e era a sobriña materna dese clérigo.

Joseph Marie Terray debía o posto de contador xeral das finanzas, en grande medida, a *madame Pompadour* e, como non quería fracasar no seu cometido, tenta rodearse de familiares e amigos, se poden ser competentes moito mellor. Un deses familiares é o pai de Marie: Jacques Alexis Paulze. O señor Paulze, que é bastante rico está moi ben preparado e politicamente está ben introducido na alta administración francesa, ve unha enorme oportunidade de medrar rapidamente na posición social económica e política da monarquía capeta. A súa carreira leváralo a ocupar os seguintes cargos: comisario no tribunal de Montbrison, procurador dos tribunais e, finalmente maxistrado no parlamento de París. Entrementes incorporábase á *Ferme Gènèrale* onde, se xa eras rico, podíaste facer cunha gran fortuna e moi rapidamente. A entrada como asentista da *Ferme*, non era nada doado pois cumpría ter non só fortes influencias políticas (ser introducido por alguén no grupo) senón que, indefectiblemente debía posuír moitos cartos, para inverter nalgunhas accións. Para darnos conta do ricos que debían ser os asentistas indiquemos que unha soa participación na empresa representaba unhas 1.560.000 libras da época (uns 5 millóns de euros equivalentes do ano 2017). Jacques Paulze e os seus fillos, son unha familia dos ricos da época e axiña comprende as posibilidades de enriquecerse moito máis nun curto espazo de tempo; para entrar na *Ferme* cumpríalle estatus político e, o seu tío político o abate Terray, vaillo ofrecer.

Nese momento é cando Jacques fai que Marie retorne ao seu fogar para confiarlle a organización e a dirección da súa, xa importante casa, e co encargo de crear un “salón” como os existentes en París, no que poder reunir aos seus compañeiros e a cantas amizades políticas vaian xurdindo e sexan interesantes, para relacionarse mellor con elas e poder facer importantes negocios. A rapaciña Marie Anne transfórmase, no salón da súa casa, nunha *salonniere* máis do París da época e ao tempo que administra a casa, realiza cursos intensivos que lle han permitir completar a súa formación social, recibir a formación cultural e ir desenvolvendo as súas aptitudes. Marie é tan só unha mociña que ten formas de muller, pero que, aínda, se está a transformar nunha muller. A súa situación, xunto co seu encanto, espertan a cobiza dos caza fortunas da época que comezan a roldala.

O seu tío, o abate Terray, segue comprando e vendendo favores de todo tipo; nunha situación económica caótica para a monarquía e o goberno de Francia. Nese momento, a baronesa La Garde solícítalle, a Terray, a devolución dun outro favor: a man da súa sobriña para o seu irmán o conde de Amerval.

A situación de Jacques Paulze non é moi doada, debería atender a petición do seu tío (por intereses político-económico-sociais) mais non pode aceptalo porque é pai, quere á súa filla e coñece a Amerval: o conde non ten nin oficio nin beneficio -está completamente arruinado- é ben máis vello que o propio Paulze; está medio abobado; é un completo toleirán; compórtase socialmente coma un ogro; ... Non reúne ningunha das condicións que Jacques Paulze desexa teña o seu xenro e, por riba, a nena é tan nova e tan feitiña!

O remate do ano 1770 é particularmente duro para a familia Paulze, por mor do acoso dos caza fortunas e, de modo especial, pola presión que segue a exercer o abate Terray quen, por todos os medios, necesita quedar ben coa baronesa La Garde. O pai de Marie vaille dando largas, mais o abate quere cobrarlle os favores prestados no pasado; necesita realizar ese matrimonio de conveniencia. Os meses van pasando e as esixencias de Terray se acentúan, lembrándolle que as vodas de conveniencia son, no tempo, a norma social e que, tal matrimonio, os emparentaría coa nobreza de Francia.

Paulze non lle fai caso e non cede. Fora de si, o abate Terray, ameaza a Paulze con votalo da dirección da comisión do tabaco na que el o colocara, senón acepta a voda. Jacques Paulze non recúa e tampouco perde o seu traballo -a pesares das presións do abate- pois outro amigo influente na *Ferme Générale* o respalda en público: Michel Bouret. Este defende o bo traballo realizado polo grupo de Paulze no control da fraude do tabaco e, de modo moi especial, destaca o traballo realizado polo seu axudante: Antoine Lavoisier.

Jacques Paulze escíbelle tamén unha carta amable ao conde de Amerval na que, dun xeito moi diplomático e amigable, dille que Marie está comprometida e vaise casar co seu colaborador Antoine Lavoisier que ten xa solicitada a súa man.

Por esa época, Antoine e Marie fixéranse moi bos amigos nas tertulias ás que acudían xuntos, de modo particular as que se celebraban na casa dos Paulze. Os dous tiñan afeccións e gustos semellantes; os dous tiñan boas fortunas e posición social; Marie admiraba a formación completa que tiña Antoine, o seu aspecto físico (alto, elegante, con idade “próxima” á dela); etc. O desexo de Jacques Paulze foi o de: fagamos que tomen a decisión de casar. Durante parte do ano 1770 a relación amorosa entre Marie e Antoine foise fraguando e o día 16 de decembro do ano 1770 casaban.

Evidentemente o amor interesado ou de conveniencia que vimos de presentar non é o de Lavoisier; senón o do conde de Amerval, un home maior –conta xa 50 anos- e inadecuado para casar cunha nena de 13 anos. Lavoisier representaba todo o contrario; poderíamos dicir que significa o amor polo amor. Marie habería lembrar toda a súa vida o amor e a defensa que, o seu pai, fixo dela para evitar casala con Amerval.

### 3. Outro Desamor: o Grito das Familias

Un dos desamores máis sentidos e padecidos por Marie Anne Paulze, foi a súa perda de fe na Revolución Francesa: *na súa revolución e en cantos amigos a fixeron posible xunto con eles*. Lembremos que Marie, Antoine e os seus amigos dos “salóns”, comprometéronse na defensa dos ideais que fixeron agromar a Revolución Francesa. Non estamos a dicir que se deixaran convencer polos novos ideais, creados por outros, non, foron eles co seu esforzo, o seu traballo e a súa participación activa; membros relevantes da aparición na historia dos principios de *Liberdade, Fraternidade e Igualdade*.

A morte do seu amor Lavoisier, e dos seus familiares e amigos asentistas da *Ferme Gènèrale*, por decisión dun dos diversos tribunais revolucionarios; a perda do seu patrimonio familiar; o seu propio ingreso no cárcere e a ruína económica na que se atopou cando saíu de prisión, foron motivos máis que dabondo para facer tremer os alicerces da fede revolucionaria de Marie Anne.

Paga a pena, pois, reflexionar sobre este desamor de Marie Anne: o sentimento de pesar pola perda de todos os seus bens, materiais e inmateriais, e mesmo a súa liberdade, nun momento concreto e crucial da súa vida.

Non se trata só do padecemento pola morte do seu home (maio 1794) nin polo seu ingreso en prisión durante case dous meses (xuño- agosto 1794) nin pola penuria económica que padeceu e na que tivo que vivir ata a devolución total das súas pertenzas (principios 1794- finais 1796); trátase de considerar o abatemento do seu espírito, durante todo ese tempo, pola perda de tódolos seus bens, a perda dos seres máis queridos e, por riba de todo, a perda da súa fe nos seus ideais revolucionarios, aqueles polos que levaba loitando toda a súa vida.

Pouco despois de ser posto en catividade Antoine Lavoisier, acusado de ter pertencido e participado na *Ferme Gènèrale*, foille confiscado (o matrimonio Lavoisier) todo o seu patrimonio tanto moble como inmobile. A principios do ano 1794 tanto os bens que tiñan os Lavoisier coma os que tiñan os Paulze, e todo canto tiña Marie de seu, fóronlle incautados polo Comité de Seguridade Xeral que, primeiro detivo aos membros da *Ferme* e, logo, os condenou a morte.

A recén viúva Lavoisier foi arrestada en xuño dese mesmo ano 1794 e cando sae do cárcere, no mes de agosto, atópase na máis completa das ruínas; ela que vivira toda a súa vida na maior das abundancias. Non consegue nin que os seus amigos (por medo a identificarse politicamente) lle presten algo de diñeiro para poder subsistir ata que lle sexa devolto o seu patrimonio e ten que vivir, por algún tempo, en condicións miserables, sendo tan só axudada por un antigo servente. Algúns dos seus amigos máis directos non quixeron comprometerse, por medo ás represalias, a prestarlle ou adiantarlle algúns cartos para poder mercar un novo piso no que iniciar a súa nova vida de viúva.



Ilustración 1. Convento das Capuchinas

Os seus pesares comezaron o día en que non quixo escoitar o que lle dicía Irenée, o fillo de Samuel DuPont: indicándolle que se agachara onde seu pai, nas aforas de París, nunha finca familiar. O 14 de xuño foi detida e levada ao convento das capuchinas que se atopaba a dous pasos da

súa casa. Rematarán os seus pesares cando o 27 de xullo, Robespierre, sexa detido, xulgado e guillotinado ao día seguinte. Remata o Gran Terror e, Marie, será posta en liberdade o 17 de agosto e, por orde do Comité de Seguridade, decretase a devolución de todas as súas pertenzas.

As propiedades de Marie Anne non só foran incautadas senón que se tiña decretado que saíran á venda, en públicas subhasta, o 1 de xaneiro do ano 1795: os enseres do apartamento de París; todo canto contiña o casón de Freschines (mobles, cadros, libros, material agrícola animais, finca); todo o material científico (abondoso e moi custoso); as memorias de investigación sen publicar; os libros; o material diverso que constituía o laboratorio do Arsenal; e moitas outras diversas pertenzas que constituíron a vida do matrimonio, forxada ao longo de 23 anos de casados.

Cando sae do presidio, Marie, reacciona e xúntase ao movemento de opinión creado polo abate Morellet chamado: o Grito das Familias. Este movemento ten como principal reivindicación: a restitución de tódolos bens incautados aos familiares da Ferme Gènèrale. Este movemento editou 1500 exemplares coa súa proclama e publicaron un artigo no *Journal* de París, de modo que as súas ideas comezaron espallarse de punta a punta de París, converténdose nun tema de debate nacional.

Marie Anne non só se integrou neste movemento senón que redactou unha denuncia legal contra Dupin, o chamado representante do pobo nos xuízos contra Lavoisier e os membros da *Ferme Gènèrale*, como representante do comité de Lexislación da Convención Nacional. Este requirimento foi escrito por Marie, en representación dos fillos e viúvas dos condenados a morte, para solicitar xustiza polos actos realizados. Esta denuncia formal, con acusación contra Dupin, vaino obrigar a defenderse e a incriminar ao propio Robespierre como causante directo da sentenza da confiscación dos bens e, mesmo, da indución á sentenza de morte contra os membros da *Ferme Gènèrale*.

O resultado da acción conxunta do movemento o *Grito das Familias* e da denuncia de Marie contra Dupin será espectacular: a fins do ano 1796 gañarán o xuízo e tódolos haberes confiscados, ou case, lle serán devoltos a Marie e aos outros herdeiros. Tres anos de anguria, penurias e frustracións concluíran, mais o proceso tiña durado tres anos e non foi sen dificultades ao longo camiño; polo que constituíu un dos maiores desamores de Marie Anne.

Todo comezou a resolverse o 1 de xaneiro do ano 1795 cando, no momento en que se ía iniciar a subhasta de todos os bens, chegou unha orde xudicial paralizano a venda de todas as propiedades de Marie Anne.

A propiedade de Freschines foille repostada a Marie o 17 de abril de 1795: a súa temporal ruína e os seus padecementos remataban, transcorreran case tres anos. Joachim Dezairs, educado por Lavoisier nas idea fisiocráticas e home de confianza de Marie será o encargado de poñer en produción a propiedade; en pouco tempo, esta finca, non só ía dar beneficios senón que obtería rendementos máis altos que os producidos nos bos tempo polo propio matrimonio Lavoisier.

Marie Anne volta novamente a crer na esperanza. O seu sentido da organización é semellante ao seu desexo de acadar o restablecemento do seu patrimonio e do seu honor. Conta con medios económicos, perdeu o medo ao medo, procede atacar ao seu inimigo: o Estado que xulgou e sentenciou inxustamente ao seu home. A súa denuncia será contra a autoridade estatal na forma do comité de Lexislación da Convención Nacional, pero vaina concretar contra Dupin (o home que condenou ao cárcere aos membros da *Ferme*, que logo lles incautou todos os seus bens e cargos e que, finalmente, ditou sentenza de morte e os guillotinou o 8 de maio de 1794).

Así que a Dupin, se non quere ser condenado a morte, non lle quedará máis remedio que defenderse, delegando as súas responsabilidades nos xefes que lle mandaban.

A idea de Marie, dos que van tras ela e dos que lle axudan nas súas sucesivas demandas é que, Dupin, para saír da situación no que o coloca a devandita denuncia, e para salvar a súa vida, tire da manta e destape o tema denunciando aos seus xefes superiores e, en última instancia, ao propio Estado. Efectivamente, Dupin é intelixente e percibe o perigo no que se atopa, ao se celebrar o primeiro aniversario da morte dos membros da Ferme, polo que publica unha rectificación pública na que acusa a Robespierre, e ao seu grupo político, de ser os causantes directos das sentencias que, el, tivo que asinar e executar. Acusounos tamén de pretender facerse coas propiedades e as fortunas dos asentistas da *Ferme* axustizados.

Dupin deféndese, pero esta defensa é cuestionada por Marie Anne e o grupo que ela representa: “O Grito das familias”. En tres denuncias consecutivas, Marie, irá desmontando todos e cada un de cantos argumentos defensivos presente o acusado Dupin. A primeira das denuncias será presentada por Marie o día 25 de xullo de 1795, e será imprimida e repartida a toda a sociedade paríseno pola imprenta que ten Samuel DuPont en París. Dupin deféndese unha e outra vez explicando o seu proceder e, Marie, contraataca con dúas adendas consecutivas nos meses de outubro e novembro.

O 15 de agosto de 1795, un ano despois que Marie saíra do cárcere, Dupin foi detido, cesado do seu cargo de representante do pobo e levado a prisión. Por sorte para el a amnistía xeral do 26 de outubro do mesmo ano concedeulle a liberdade e, tamén, outro traballo na Administración francesa, pero de moi inferior categoría.

A pesares de ter gañados todos os seus xuízos, Marie, non conseguiría a devolución total do seu patrimonio ata o 26 de maio do ano 1796. Case todos os seus bens mobles fóranlle devoltos en marzo do ano 1795 e dende o 7 de *prairal* do ano IV (26-V-1796) o mestre Gondouin ditaminou a devolución do inventario de tódolos bens de Lavoisier e de Jacques Paulze. En 186 folios, redactados no seu momento polos colaboradores e amigos de Lavoisier, constan os instrumentos, os libros e os mobles a nome de Antoine Lavoisier. Dende os máis variados



organismos públicos (Axencia de Minas, Museos, Arquivos, Comité de Saúde Pública, etc.) e dende os máis diversos lugares de París han retornar as pertenzas dos Lavoisier e, todas elas, han ser devoltas á súa viúva. É un momento de orgullo para Marie, pero tamén de dor: recuperaba a gran maioría dos bens requisados ao seu home, que eran a súa propia vida, pois foran a obra de ámbolos dous; pero non conseguiu recuperar a vida do seu grande amor Antoine.

Marie Anne recibiu, tamén, a herdanza de toda a familia Paulze, o seu patrimonio familiar. Foi ela a que tardou nove días en recibir e colocar nunha sala de subastas os 192 lotes coas pertenzas da casa familiar dos Paulze, na *Place Vendôme* nº 2. Todos estes lotes significaban máis de 5.000 volumes cos máis variados temas. Marie encargárase de liquidar as vendas e atender a todos os temas relacionados coa herdanza da súa moi ampla familia.

O tempo do terror, do temor, da inseguridade e da ruína económica pasou para Marie; pero nunca lle desaparecería a perda da fe na esperanza da Revolución. Os ideais revolucionarios de Marie Anne tivéronse que resentir necesariamente tras tanta adversidade como vimos de relatar que aconteceron nestes tres fatídicos anos. Había transcorrer moito máis tempo ata que recuperase a fe nos seus ideais, a fe nos seus amigos de outrora, a fe na esperanza de que todo podería volver a ser como fora con anterioridade.

Marie tiña escasamente corenta anos, dispoñía dunha vida por diante, tal vez, puidera volver crer na Esperanza: volver aos Amores.

#### **4. Un Desamor especial: o conde Rumford ou o fracaso do Amor**

Intentaremos facer unha reflexión sobre como foi este novo amor que, podendo ser outro gran Amor, converteuse nun gran Desamor. Estamos a referirnos á relación de Marie Anne con Benjamín Thompson, o chamado conde Rumford. Marie coñece a Benjamín, por interese del, cando ela está saíndo do pozo do seu terror:



viña de saír do cárcere; xa recuperara as propiedades súas e as da súa familia; conseguira reorganizar a súa vida económica; tiña xa no seu poder as súas casas e estaba poñendo a funcionar o seu salón; etc. Estaba xa en condicións de confiar en que o Amor podería volver a aniñar na súa vida. Xa fora quen de rexeitar a cantos, bos amigos, lle solicitaran matrimonio; pero aos que non amaba como para compartir a súa vida: xa se consideraba en condicións de abrir o seu corazón a un novo amor capaz de enchelo, como o fixera no pasado co amor que lle dera Antoine Lavoisier.

Foi nese momento cando chegou Benjamín Thompson con toda a fachenda que o caracterizaba e con todas as gañas de conquistar a praza e casar con Marie Anne. Marie non tiña nese momento, por sorte para ela, presa por se casar e si por asegurar que, se ese amor era posible, sería a confirmación de que podería volver reiniciar a súa anterior vida e intentar ser de novo feliz.

Ilustración 2. O Conde de Rumford

Vivira con Lavoisier 23 anos de felicidade, podería volver a repetirse esa felicidade agora que contaba xa máis de 40 anos?. Marie concedeuse un permiso para a esperanza; pero sen as présas da mocidade, coa tranquilidade propia da madurez.

Nos primeiros anos de conquista, Benjamín, comportouse e actuou coma se dun perfecto namorado se tratara. Reunía grandes condicións de galán namoradeiro, e ademais: era un bo compañeiro das actividades sociais, pois pola súa desenvoltura era moi desexado polas damas da sociedade; actuaba como si lle interesaran tódalas actividades propias de vida de Marie, acompañábaa e participaba co seu carácter extravertido e conquistador en tódalas tertulias; era un bo científico que facía partícipe a Marie dos seus coñecementos e descubrimentos no campo da física, facendo coma que lle importaban as súas opinións científicas; ensinaba a Marie como eran os seus coñecementos e dúbidas sobre que era o chamado *calórico* ao que, el, chamaba a *calor*; era un excelente tertuliano, ao igual que Marie, pois home de mundo como era sabía como contar as súas aventuras e como engaiolar á audiencia; era un políglota culto educado e agraciado, como fora e, aínda, era Marie; etc.

Axudouna a poñer en funcionamento o seu novo salón e, coas súas dotes e galanura, conseguiu que acudiran moitas mulleres cos seus acompañantes que

deron un forte pulo ás reunións da casa de Marie; aínda que, este novo salón, non chegaría nunca a ser o que fora, en vida de Antoine, no tempo do Arsenal. Interesouse pola música, a danza, a ópera, os recitais, etc., que tanto enchían a vida social de Marie, acompañándoa a tódalas partes sen queixa algunha. Nesta época de galanteo, conquista e de felicidade para Marie case se comportaba como o tiña feito Antoine nos primeiros anos de casados.

Marie Anne comezaba a crer que se podía recuperar o tempo perdido. Nese momento e nesa situación chegou a pensar que podería recuperar e repetir –na súa madurez- o que fixera e aprendera con Lavoisier durante a súa mocidade. Tivo a sorte de que, nesa época 1800-05, estaba demasiado comprometida na redacción e edición das “*Memoires de Chimie*” de Lavoisier e foi pospoñendo o darlle o si definitivo e acceder ao casorio; así foi quen de adiar a voda ata o remate da edición, da publicación e da distribución da obra póstuma de Antoine.

Nese tempo, durou cinco anos, podemos dicir que, Marie Anne, viviu un período de felicidade condicionada pero, ao cabo, felicidade de verdade; pois Benjamin Thompson aínda non descubrira quen era nin as súa auténticas intencións.

Todo chega ao seu fin. Marie remata a edición das “*Memoires*”, finaliza todos os seus compromisos, tamén as súas posibles dúbidas, e tivo que inclinarse por darlle o si á pretendida voda. Decidiron que casarían o día 24 de outubro de 1805. Durante este período de galanteos- namoramentos do que falamos, uns cinco anos, Marie foi cumprindo todos e cada un dos desexos de Rumford, pois cría poder ser ditosa na súa compañía. Algunhas das moitas pretensións de Benxamín (todas elas satisfeitas por Marie) foron:

- 1º. Quería ser francés, para poderse instalar en París, que era o corazón da cultura moderna; pero eran moi poucos os franceses que se fiaban das súas intencións, por consideralo un espía inglés. Marie moveu todas as súas influencias para que se lle concedera a cidadanía francesa. Tivo que pedirle aos seus amigos Berthollet e, de modo moi particular, ao seu grande amigo Simón de LaPlace (marqués de LaPlace por ese tempo debido aos seus méritos científicos e de defensa da Revolución) para que intercedera diante do propio emperador Napoleón Bonaparte e, finalmente, conseguiu os dereitos de cidadanía para Thompson.

2º. Durante o ano 1804, Marie, intercedeu e conseguiu introducilo nos cenáculos da vida científica de París: non só coa súa presentación, aceptación e actuación diante dos máis reputados científicos do momento, senón mesmo conseguindo que puidera acudir ás sesións dos Institutos e da *Academie des Sciences*. O certo é que, Rumford, era xa un reputado físico internacional; pero non era ben aceptado polos científicos franceses e, Marie, abriulle tódalas portas do saber das ciencias.

3º. Marie Anne puxo nas súas mans a súa importante instrumentación científica para que puidera realizar experimentos sobre a calor cos seu propios calorímetros. Nos anos 1804-05, Thompson, presentou seis boas memorias científicas sobre a calor sendo a última, e a máis importante, a titulada "*Reflexions sur la chaleur*".

4º. Benjamin estaba eufórico, pois xa conseguira case todo canto se propuxera: fixar a data da voda; ter acadado unha posición económica e social sólida e estable; ser cidadán francés; ser considerado como un reputado científico no centro do mundo da ciencia; contar cos medios económicos e científicos de Marie para realizar os seus experimentos; dispor dos caros de Marie; etc. Benxamín Thompson mesmo chegou a pensar que sería o Lavoisier da física.

Marie tamén estaba moi ilusionada con esta nova relación e coa preparación da voda e non facía caso de cantos avisos se lle facían chegar de que ía cometer o erro da súa vida ao casar. Todos cantos comentarios adversos lle chegan, son desbotados: os dos franceses en xeral, porque o consideran un buscavidas sen beneficio; os dos ingleses, que se rín dela porque lle vai levar os cartos e só busca a posición social que ela ten; as opinións dos seus amigos do Arsenal, que pensan que se trata dun arribista e que a idea do enlace non é boa senón que será un desastre; as mesmas autoridades do país que, a pesares de lle ter concedida a nacionalidade seguen considerándoo un posible espía;...etc. Marie, que está namorada, pasa de aceptar ningunha destas acusacións e continúa adiante coa voda. Boa é Marie, para non facer o que quere cando está convencida do que lle interesa facer!.

Tanto é o namoramento que Marie ten, que cae nas redes tecidas polo buscavidas e mesmo comeza a lle pasar parte do seu patrimonio, asinándolle un contrato de

matrimonio do que se vai arrepentir toda a vida, dende o momento do divorcio: constitúe un fondo de 120.000 libras ao seu nome que, no caso da morte dun deles, volvería ao outro ou a Sally –a filla de Rumford-; pon ao nome dos dous unha finca de 2 hectáreas mercada nas aforas de París coma casa de campo familiar; concédelle unha dotación anual de 6.000 libras para os seus gastos; etc. Como se pode ver todos son beneficios para Rumford pero el non aporta nada, só a súa fachenda.

Pasada a festa da voda axiña comezaron os problemas en común, como non podía ser doutro xeito, debido ao forte carácter de ambos. Os dous queren mandar e ningún deles sabe obedecer ou ceder. Esta situación era nova para Marie pois, Antoine, nunca lle discutía case nada do tocante á súa xefatura na casa.

En outubro dese mesmo ano 1806 a separación estaba completamente consumada. Marie nunca tivera enfronte ninguén de tan forte e mal carácter como o do conde de Rumford, que era moi semellante ao dela naqueles momentos. Por máis que Thompson tratou de impoñerse para que cambiara o seu apelido, Marie foi sempre inflexible: ela era a viúva de Antoine Lavoisier e non renunciaría nunca ao dereito a levar o seu apelido.

Rematemos sinalando que, tras o espellismo dos galanteos do noivado, en menos dun ano chegou o Desamor máis acedo que conduciu á rotura do matrimonio. Desta volta o rancor que aniñou en Marie foi duro e frustrante, e íalle durar o resto da súa vida.

## **5. O Amor alén da Morte**

O amor de Marie Anne por Lavoisier semella que continuou moito despois da súa morte. Cando Antoine faleceu Marie tiña 36 anos e continuou mantendo viva a chama do seu amor por todo aquilo que compartiran por moitos anos. Repitamos que, Marie, estivo dous meses na prisión, logo da morte do seu home no floreal (maio) de 1794, por defendelo enfrontándose ao propio Terror.

Cando saíu do cárcere pasou máis de dous anos tentando recuperar todo canto material científico, libros e propiedades lles foran confiscados. Foi quen de recuperar unha grande parte do material -non puido recuperalo todo-, e tamén se dedicou a rematar de escribir, editar e publicar todas cantas memorias de

investigación estaban pendentes de rematar e que, ela, continuou realizando namentres Lavoisier estivo detivo. Mentres tal facía ocupouse de restablecer a reputación do seu home por tódolos medios ó seu alcance:

- Publicou, pola súa conta, traballos feitos polos dous (Lavoisier estaba no cárcere), pero só co nome de Antoine. Estes escritos enviounos a todos cantos estaban interesados no tema.

- Dedicou varios anos da súa vida a escribir a obra científica inconclusa de Lavoisier titulada “*Memoires de Chimie*” conseguiu editala, publicala e distribuíla no ano 1805 axudada por DuPont.

- Continuou a celebrar as reunión científicas semanais, como se o seu esposo estivese vivo e nada tivera pasado. Escritores, filósofos, artistas, científicos, acudían a xantar á súa casa e reivindicaban a gloria de Lavoisier. Nesas reunións continuaba a comportarse como unha *salonniere*, pero centrando as reunión na vida e na obra do seu home ou en traballos e debates relacionados con todo canto a él lle interesara en vida. Os seus invitados acudían a estas sesións lembrando o período do Terror; aínda que ían angustiados polas posibles repercusións sobre as súas vidas e as súas facendas. Tiñan certo coidado nas manifestacións que facían contra a Revolución. Nas reunión de Marie Anne todos os invitados eran libres de expresar todo canto crían.

Non podemos explicar, hoxe por hoxe, por qué Marie deixou de investigar logo da morte de Antoine aínda que se poderán ofrecer algunhas xustificacións. Cómpre moita máis investigación sobre este período da vida de Marie Anne Paulze.

Marie Anne morreu no ano 1836, cando contaba 78 anos, pero como levamos presentado nestas comunicacións, non hai dúbida que viviu unha vida chea de **Amor.**

## 6. Bibliografía

GONZALEZ NOYA, Ana, PINTOS BARRAL, Xoana, e BERMEJO PATIÑO, Manuel R. (2017). En XXX Congreso de ENCIGA (Allariz), nº 84, pp. 75-76.

PINTOS BARRAL, Xoana e BERMEJO PATIÑO, Manuel R. (2010). “Marie Anne Paulze, ilustradora e deseñadora industrial”. Boletín das ciencias, ISSN 0214-7807, Ano 23, nº. 71, pp. 81-82.

BERMEJO PATIÑO, Manuel R. e PINTOS BARRAL, Xoana (2011) “Marie Anne Paulze: muller de casa, salonniere, científica ou que?” Boletín das ciencias, ISSN 0214-7807, Ano 24, nº. 73, pp. 139-140.

PINTOS BARRAL, Xoana, BERMEJO PATIÑO, Manuel R. e GONZÁLEZ NOYA Ana (2016). “Caroline Herschel vs. Marie Anne Paulze Lavoisier: dúas maneiras de facer Ciencia”. En XXIX Congreso de ENCIGA (Negreira), nº 83, pp. 81-82.

BERETTA, M: (1995) “Bibliotheca Lavoisieriana. The Catalogue of the library of Antoine-Laurent Lavoisier”. Firenze, Leo Solschi, Biblioteca di Nuncius, nº 16.

BERMEJO, M.R. (2013) “As mulleres Científicas: esas descoñecidas da historia” en “Reflexións e Testemuñas. As mulleres nas artes e nas ciencias”. Universidade da Coruña.

BORGAS, A.P. (1993). Marie Anne Pierrette Paulze Lavoisier en Women in Chemistry and Physics: A Bibliographic Sourcebook; Grinstein, Rose, Rafailovich Eds.; Greenwood Press: Westport.

BRENNI, Vito J. (1984) The Art and history of book printing: a topical bibliography. Connecticut: Greenwood Press. ISBN 0-313-24306-9.

BRET, Patrice (1995). La enseñanza durante la revolución química en el Arsenal: el curso de Gengembre en la Escuela de Pólvora (1785, en Patricia Aceves Pastrana (ed.) Las Ciencias Químicas y Biológicas en la formación de un mundo nuevo, México, Univ. Autónoma Metropolitana, Unidad Xochimilco, 199.

BROWN, S.C. (1979) Count Rumford; Greenwood Press: Westport BRYSON, Bill (2005) Una breve historia de casi todo. 2ª. ed. México, Océano.

CALADO, Jorge (2012) "Afinidade Eletiva: Antoine-Laurent e Mme Lavoisier" en Centenario SPQ, Química nº 126.

DE FRENZA, Lucía. Ritratto di signora: la scienza al femminile nell'iconografia tra sette e ottocento. Revista Internacional de Culturas & Literaturas.

DUVEEN, Denis I. (1954) Madame Lavoisier. Chymia, 4, pp.13-29 University of Pennsylvania Press, Philadelphia.

EAGLE, Cassandra T. e SLOAN, Jennifer (1998). Marie Anne Paulze Lavoisier: The Mother of Modern Chemistry. 1/Vol . 3 , No.5, ISSN 1430-4171 The Chemical Educator <http://journals.springer-ny.com/chedr> Springer-Verlag. Nova York.

FARA, Patricia (2005) "Scientists Anonymous: Great stories of women in science" Wizard Books, U.R

FARA, Patricia (2000). Images of Monsieur and Madame Lavoisier. Endeavour, vol. 24.

FORD, B. J. (1993) Images of Science.a History of Scientific Illustration; Oxford University Press: New York.

GONZÁLEZ, A. et al.(2000) Boletín das Ciencias. "XIII Congreso de Enciga" .

GRIMAU, Edouard. Lavoisier: 1743-1794 d'après sa correspondance, ses manuscrits, ses papiers de famille et d'autres documents inédits .Paris, 1888.

GUIZOT (2004). Madame de Rumford. 1758-1836. Roy G. Neville . Neville, R.G., Roy G. Neville Historical Chemical Library.

HARRISON DWIGHT, C.(1995): Count Rumford. Notes and Records of the Royal Society of London, vol. 11, nº 2 (mar 1955), pp.189-201. Publisher by The Royal Society.

HOFFMANN, Roald (2002). Mme Lavoisier. American Scientist, 1, 2002.

HOLMES, Frederic (1986) "Lavoisier and the Chemistry of live".



KAWASHIMA, Keiko (2004). Marie Anne Lavoisier (1758-1836): une vie, deux révolutions, la révolution chimique et la Révolution française. Kagakushi journal, Diario da Sociedade Xaponesa da Hª da Química, vol 31.

LAITUILLER, E (1974), "Mujeres en la Revolución Francesa". Círculo de Amigos de la Historia, Madrid.

LAVOISIER, ANTOINE LAURENT DE. TRATADO ELEMENTAL DE QUÍMICA/ PRÓLOGO, MANUEL R. Bermejo; traducción, Sergio Casas Fernández y Mª Victoria Castaño Palazón. Madrid: Fundación BBVA; Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de publicacións e Intercambio Científico, D.L. 2009. ISBN 978-84-9887-131-9.

LAVOISIER, Antoine (1806) Mémoires de chimie, 2 volumes.

MILLAR, D et al. (1996) "The Cambridge Dictionary of scientists", Ed. Cambridge University Press.

MILLAR, D MILLAR, I; MILLAR, J E MILLAR, M (1994) "Diccionario básico de científicos" Tecnos, Madrid.

MILLER, J. (1990) "Women in chemistry" en women in science, Kass, Indiana University Press.

PAULZE, André (1988). Une Forézienne, Madame Lavoisier, Marie-Anne-Pierrette Paulze (1758-1836). Village Forez, journal, vol 36.

PELLÓN GONZÁLEZ, Inés (2002). Un químico ilustrado: Lavoisier. Nivola libros y ediciones. Madrid, septiembre 2002. ISBN: 84-95599-45-7.

PEUMERY, J.J. (2000). Marie-Anne Pierrette Paulze, épouse et collaboratrice de Lavoisier, Vesalius, VI, 2, 105-113. Official journal of the International Society for the History of Medicine, Vol. VI, Nr 2 December 2000.

PINAULT SORENSEN, M. (1994), "Madame Lavoisier, dessinatrice et peintre", La Revue du Musée des Arts et Métiers, 6.

PINTOS BARRAL, X. e BERMEJO PATIÑO M. R. (2008). "Marie Anne Pierrette Paulze: Ilustrada ou científica" XXI Congreso de ENCIGA Boletín das Ciencias, nº 71, páx. 81,

PINTOS BARRAL, X. BERMEJO PATIÑO M. R. e GONZÁLEZ NOYA A (2016) "A Ilustración científica traballo de mulleres". XXIX Congreso de ENCIGA, Boletín das Ciencias, nº 82, páx. 79.

POIRIER, J.P (2004) "La Science et L'Amour: Madame Lavoisier". Pigmalion, París.

SANCHIS, R. (2002).Género y ciencia: Anne Marie Paulze, Madame Lavoisier (1758-1836), una mujer en la revolución química. Alambique, Num. 31.

SCHIEBINGER, Londa (1991). The Mind Has No Sex? Women in the Origins of Modern Science. The American Historical Review, Vol. 96, No. 5 .

SMEATON, W. A. (1989). Monsieur and Madame Lavoisier in 1789: The Chemical Revolution and the French Revolution. Ambix 36:1-4.

SOLSONA, Nuria (1997) "Mujeres científicas de todos los tiempos". Talasa, Madrid, 1997.

TROITIÑO NÚÑEZ, M<sup>a</sup> Dolores et al. (2007). "El singular destino de Marie Anne Paulze, Mme. Lavoisier de Rumford". 100cias UNED, ISSN 1137-9537, nº 10.